| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | PONTEDEUME |
| **Edificio** | Igrexa de Santa María de Centroña |
| **Dirección** | Rúa Macuca, 26 15607 |
| | 43.409653 -8.193601 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Santa María de Centroña é, máis unha vez, un templo barroco rural cuxa construcción se sitúa arredor do século XVIII. Trátase dun edilicio de planta rectangular que, tal e como apuntan Soraluce Blond e Fernández Fernández (1997), conta "cun corpo engadido no seu muro meridional e un pequeno pórtico, dúas no correspondente á nave e catro no presbiterio, todas elas cunha cubrición de tella curva. \|<br>A totalidade dos muros presenta un revestido, agás os esquináis e recercado dalgún dos seus ocos. No interior, e como adoita ser característico neste tipo de templos barrocos, o presbiterio preséntase a maior altura ca nave, realzando así o efecto da súa superioridade simbólica. Aos pés da nave sitúase un coro alto, realizado a través dun forxado de madeira.<br>No exterior a igrexa concentra os seus escasos elementos ornamentáis na fachada, de gran sobriedade. Esta posúe un esquema pentagonal, remarcado polos esquináis en pedra vista e a comixa voada. No seu eixo vertical central sitúase unha porta rectangular rematada nun lintel en arco de medio punto rebaixado, un pequeño oco rectangular que proporciona iluminación natural ao coro e, rompendo a comixa, unha espadana de características posteriores ao conxunto no que se inscribe. (PXOM de Pontedeume). |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 2 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA |
| **Data** | 11-05-2023 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Menor. | CABRILLO, CASA (SALAMANCA) | 1968 | 70 | 199 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Espadana | Maior. | CABRILLO, CASA (SALAMANCA) | 1968 | 85 | 356 |

Información completa: Igrexa de Santa María de Centroña - PONTEDEUME (GALICIA)

PDF (06-09-2026)